


A PEGADA DE IGNACIO CERVIÑO NA SEMANA SANTA DE CANGAS

AUTORA: INÉS COSTAS VILLAR

A riqueza da imaxinería canguesa, débese en gran parte ao escultor pontevedrés Ignacio Cerviño Quinteiro, da parroquia de Augas Santas, Cotobade. O seu mestre e pai, Antonio Cerviño Couceiro, foi contratado no 1852 para a realización de múltiples obras de mantemento na igrexa de San Andrés do Hío. É neste momento onde o xoven escultor comeza a demostrar a súa mestría e a darse a coñecer, sendo o mesmo párroco, Juan Manuel Míguez, quen anos despois o contrataría para a realización do famoso *Cruceiro de Hío*.

En 1860 trasládase a Madrid para asistir á *Escala de Belas Artes de San Fernando*, onde aprendeu teorías de simetría e proporcións do corpo humano, observacións e regras xerais da figura, composición, cor, harmonía, a gracia e a beleza. Regresa á parroquia do Hío no 1869, despois de casarse cunha segunda esposa na Coruña debido a morte da primeira en Madrid. Para entón, reside na parroquia, realizando traballos como escultor, entre os que atopamos: unha imaxe de San Amaro, localizada actualmente na Ex-Colexiata de Santiago e San Salvador de Cangas, e posteriormente o *Cruceiro de Hío*.



No ano 1873, trasládase ao centro da vila, moi próximo á Ex-Colexiata, nun baixo da rúa de Estrela con entrada por Ramón Franco, onde sabemos que realiza o Panteón de Ranqueta, localizado no cemiterio de Cangas. A pesar dalgúns encargos, é un momento de baixa produción artística, e tal e como comentan algúns autores, é posible que se trasladase de volta a Ponteareas. Chegado o 1877, recibe un dos maiores encargos da súa carreira da man da **Confraría da Misericordia de Cangas**, xustificado por un momento de bonanza económica, propiciado pola abundante pesca, propiciando así, un maior número de doazóns por parte dos confrades.

O documento gráfico que actúa de testemuña da autoría das obras, atopouse nas labores de restauración da urna do Santo Cristo do Descendemento, ande Ignacio escribiu: "En el año 1877 fue echa esta Urna a devoción del Pueblo siendo Racionero D. José Martínez natural de esta villa y todas las efigies que fueron echas en el mismo año a saber la Magdalena, San Juan, La Verónica y el Smo. Cristo del Descendimiento y el Calvario y Jesús Nazareno estas efigies fueron echas por mano de Ignacio Cerviño natural de Aguas Santas". Trátase da táboa que se atopaba na parte inferior da urna e que expuxo por primeira vez no ano 2023, na exposición: *Historia dunha tradición: a Semana Santa canguesa*.



A primeira talla que realiza é a do Santo Cristo do Descendemento xunto coa cruz e as imaxes de Dimas e Xestas. Para a figura de Cristo inspírase no Santo Cristo do Consolo de Juan Pintos, realizado en 1796, pero cuxa novidade reside na articulación dos brazos, baseada na busca do efectismo e persuasión da imaxinería barroca. Aínda que supón unha peor execución da musculatura, esta cualidade ofrece a posibilidade de presentala en dúas pasaxes: Descravo de Cristo e Cristo na Urna. A ambos lados da cruz, atopábanse as imaxes de Dimas e Xestas, pintadas sobre unha táboa de madeira. O conxunto escenográfico remata coa urna, elevada sobre esferas e volutas apergamiñadas, rematadas con decoración de roleos de flores, no centro, escudos coas siglas JHS e catro anxos que portan nas súas mans os instrumentos da paixón.

No caso de San Xoán Evanxelista, Ignacio unicamente traballa as partes de madeira visibles, para posteriormente tapar o corpo con vestiduras de veludo cuxas cores



conforman a iconografía propia do santo; verde e vermello. Representase mozo e imberbe en todos os episodios da súa vida, con melena larga rizada, perruca natural, ollos de vidro e bágoas. Esta figura acompaña á Virxe e Cristo na procesión do Venres Santo, xunto con María Salomé, María Cleofás, a Verónica e a Magdalena. Por iso levanta a man dereita apuntando cara Cristo coa intención de sinalarlle á Virxe María onde está o seu fillo. Deste modo, estaríamos ante unha figura articulada, xa que posúe un brazo móbil.

En canto á Verónica e a Magdalena foron realizadas tamén no 1877. Pero no caso de María Salomé e María Cleofás, non temos datos ata pasados o 1881-1883, no libro de contas da Contraría, polo que posiblemente se levase a cabo un novo encargo ao escultor

co fin de rematar o grupo das Tres Marías e seren sacadas en procesión o día da Paixón. Todas posúen características compositivas comúns: cellas finas e redondeadas, narices alongadas e estreitas, bocas pequenas, labios finos e una altura moi similar. Neste caso, tamén están articuladas, podendo mover os brazos segundo o momento da procesión.



O **Paso do Nazareno** pode ser considerado como un dos máis singulares. Realizado co fin de simular as tres caídas por medio dun mecanismo. Forma grupo con Carnacedo, cuxa trompeta emitía son; Simón Cireneo, abrigado a cargar coa cruz ata o Gólgota e un centurión que viste un casco da época dos conquistadores e sostén un estandarte. É un paso cunhas tinturas teatrais moi marcados e denota así mesmo que Ignacio propón unhas composicións novidosas.



O último dos encargos que realiza a Confraría é a **Mesa dos Apóstolos** ou Santa Cea (1883). Neste momento, xa se atopaba residindo definitivamente en Pontearreas, onde tiña o seu taller. O modelo compositivo deste paso, recorda a Última Cea de Francisco Salzillo, datada no 1763, na cal San Xoán aparece apoiado sobre Cristo no lado dereito e Xudas atópase na esquina da mesa, ataviado cun manto verde e laranxa, aínda que normalmente sexa amarelo a cor que indica ao traidor. Atopamos neste conxunto unha gran serenidade, con tinturas máis Neoclasicistas, optando por teas de veludo e cabelo natural no caso de Cristo, fronte a sinuosidade do Barroco.

Non podemos esquecer posiblemente a máis popular entre todas as tallas, Francisquiño da Ferramenta. Neste caso, non sabemos a data da feitura da talla, pero segundo Estanislao Fernández de la Cigoña, Ignacio inspirouse nas faccións do fillo de Francisco Graña Rodal, «O Ranqueta», precisamente porque o seu taller atopábase no seu local. Desta figura chama a atención o gorro tipo barretina catalán, posiblemente pola influencia derivada da chegada da familia Massó en Bueu e Cangas, feito que influíu considerablemente na vida da vila.



Como todo escultor, Ignacio posúe un patrón de traballo moi semellante en cada unha das súas obras, especialmente en aquelas que forman parte dun grupo temático. Co inconformismo académico que se desenvolve en España entre mediados do XIX e as primeiras décadas do século XX, xorde o denominado Eclecticismo, lonxe da rixidez e avogando por unha liberdade compositiva mesturada con elementos importados de diferentes períodos artísticos na súa obra. Por outro lado, a utilización da madeira fronte á pedra á que estaba familiarizado, permitiulle a creación de obras de maior carácter teatral e liberdade creativa.

Por último, para poder identificar os seus traballos, cabe citar certos elementos comúns como: capiteis corintios, follas de acanto, acróteras, teas colgadas de anelas, volutas apergamiñadas, mangas anchas, vestidos voluminosos coa cintura estreita, mantos amplos no caso das figuras femininas, serenidade nos rostros, bocas pequenas con labios finos, queixos amplos, narices chatas e rectas, ollos con pálpebras grandes e caídos, así como cellas moi redondeadas e finas.

BIBLIOGRAFIA

COIA, A. «Probas e consideracións sobre o escultor Ignacio Cerviño». En Actas do VIII Congreso Galego de Cruceiros (Friol, 19 e 20 de novembro 2016). Asociación de amigos dos cruceiros, cruces de pedra e petos de ánimas. Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía: 2017.

COSTAS VILLAR, I. «Ignacio Cerviño Quinteiro: Su obra en Cangas do Morrazo baixo la perspectiva de la Historia del Arte». Trabajo de Fin de Master, Universidad Complutense de Madrid. Madrid: 2020.

DE MENDOZA, F. Manual del pintor de historia, ó sea recopilación de las principales reglas, máximas y preceptos para los que se dedican á esta profesión. Madrid: Imprenta de T. Fortanet, 1970.

EIROA HERMO, E. «Más sobre el verdadero autor del crucero de Hío: E. Eiroa Hermo». En Actas do IIº Congreso Galego sobre "Cruceiros e cruces de pedra". (Castelo de Vilasobroso). Asociación de amigos dos cruceiros, cruces de pedra e petos de ánimas. Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía: 2010.

FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA NÚÑEZ, E. Cerviño contra Cerviño. Sanguiñeda, Mos, Pontevedra: Asociación galega para a cultura e a ecoloxía, 2013.

(Publicado en “Confraría da Misericordia-Gremio de Mareantes”. Cangas, abril de 2024)